

O misterio da botella

Sucedeu nun caluroso día do mes de Xuño, cando iamos paseando pola area da praia de Laxe, a miña nai, a miña irmá e máis eu. De súpeto, unha pequena onda trouxo ata a beiriña algo co que sempre soñara atopar, unha botella cunha mensaxe escrita.

Había moi pouquiña xente na praia, e decidimos que o mellor era coller a botella e abrila, para ler o que ponía. Descubrimos que estaba escrita en inglés, e unha das poucas cousas que entendiamos era o seu lugar de procedencia,

Honduras.

O primeiro que fixemos foi levar a mensaxe para a nosa casa e intentar de novo traducir o que estaba escrito, pero de novo, non fomos capaces porque descoñeciamos o significado de moitas palabras e ademais a letra entendíase con dificultade. Na miña casa non me puideron axudar, xa que a miña irmá só ten seis anos, e aínda que eu xa teño dez, non fun capaz e tampouco lle puiden pedir axuda ós meus pais. Pero déronme un consello moi importante, que gardase a mensaxe escrita para que ao seguinte día a mestra de inglés fose quen nos axudase de forma definitiva a traducir o que alí estaba redactado. Esa noite, case non durmín nada, dobrei o papel á metade e coloqueino debaixo de miña almofada e estiven pensando o que podía poñer.

Cando cheguei á casa coa tradución, puideron comprobar o que poñía. Estaba escrita por unha nena de once anos, que se chamaba:

Natasha Margarete Leis Fernández.

C/ Nueva España n° 12 San José (Honduras).

Despois da súa dirección, tamén expresaba o seu desexo de coñecer o lugar ao que chegase esta carta. Pedía que a persoa que recollese esta mensaxe lle enviase unha carta de resposta onde explicásemos o lugar a onde chegara a súa botella. Estabamos tan sorprendidas que decidimos esperar ata a noite a que chegase o noso pai de traballar para preguntarlle o que debiamos facer, pero chegou tarde á casa polo seu traballo, é percebeiro, e a nosa nai decidiu que fosemos para o noso cuarto a descansar e que ao seguinte día pola mañá, no almorzo, lle preguntásemos.

Nada máis erguernos, comentounos que tiñamos que contestarlle, e puxémonos mans á obra, unha carta que comezaba así:

¡Ola !. Chamámonos Laura e Sonia, somos dúas nenas de seis e dez anos, e gústanos moito xogar na praia. A nosa nai chámase Adela, é ama de casa, o noso pai, chámase Antonio e traballa de percebeiro. A mensaxe escrita chegou ata España, e recollémola nunha praia do norte de Galicia, nun pobo que se chama Laxe, que está nunha zona de costa coñecida como A Costa da Morte.

Bicos de Laura e Sonia”

Escribimos pouco, porque non sabiamos con certeza se lle ía gustar ou non e ademais fixémoslo en galego, porque aínda non dominamos ben o inglés como para escribir unha carta.

Despois de tres semanas esperando, chegou unha carta procedente de Honduras. A nosa sorpresa foi grandísima xa que Natasha, respostou a nosa carta en galego, explicaba que estaba encantada de que fosemos da súa mesma idade, que lle gustaba moito xogar na praia.

Despois de tres semanas esperando, chegou unha carta procedente de Honduras. A nosa sorpresa foi grandísima xa que Natasha, respostou á nosa carta en galego, explicaba que estaba encantada de que fosemos da súa mesma idade, que lle gustaba moito xogar na praia, e que quería visitar España, entre outras cousas, tamén redactaba, que non tiña irmáns, que era moi estudosa, que sacaba moi boas notas e que os seus pais traballaban como xerentes dunha empresa hoteleira. Pero o máis sorprendente de todo foi cando escribiu que a familia do seu avó paterno tiña familia en Galicia.

Rematamos de ler esa carta e quedamos coa dúbida de saber de que parte de Galicia era, polo que decidimos escribirlle de novo para pedirlle que viñese de vacacións a Galicia. Estabamos tan impacientes por saber de onde era, que nesta ocasión si que lle escribimos varias follas nas que lle explicabamos cales eran os nosos xogos preferidos e todo o que fixeramos no tempo que levamos de vacacións ata este momento. Poñiamos que queriamos facernos amigas dela, e que os nenos e nenas cos que xogamos todos os días, tamén tiñan moitas ganas de coñecela.

Estabamos tristes porque os días pasaban e non recibiamos nada, e preguntabámonos:

Por que non chega a carta de Natasha?, Gustaríalle o que lle escribimos?.

As dúbidas seguían, as preguntas entre nós sen desposta tamén, cando un día de súpeto, aconteceu algo co que nin a miña irmá nin eu contabamos.

A nosa casa ten unha eira grande por diante, e despois da eira, temos unha cabana onde meu pai garda as súas ferramentas de traballo e tamén a leña para a cociña. Estabamos recollendo a mesa tras o xantar, xa que ese día era domingo, e viñeran os tíos e os avós, cando puidemos observar que un coche chegara á nosa eira. O meu pai, cando se decatou de que non era un coche coñecido, pediunos a todos que saíramos a fóra para ver quen era.

A sorpresa foi tal que do coche baixou un señor maior, duns setenta anos, que lle deu un abrazo moi agarimoso ó noso avó Xosé, á nosa avoa Isolina, e despois a meu pai tamén. Nós, non entendiamos absolutamente nada, pero alí todo eran abrazos a aquel home, tamén baixaron do coche un home máis novo e a súa dona, acompañados dunha nena que era tan alta coma nós.

De seguida, decatámonos que se coñecían e seguían dándose abrazos, cando aquela nena, achegouse a nós, que estabamos algo apartadas deles, e díxonos, eu son Natasha, lembrades, a que escribiu a mensaxe na botella.

Alegrámonos moito, abrazámonos e comezamos a falar das nosas cousas cando a miña nai dixo que íamos todos dentro da casa

No interior, presentámonos todos e por fin comprendimos aquel encontro.

O señor maior que se abrazara o meu avó era o seu irmán máis vello, Andrés, que se marchara facía 40 anos da nosa vila con rumbo a Venezuela, para mellorar a súa situación económica, xa que naqueles tempos en Galicia non se vivía como agora. Chegou acompañado do seu fillo Alberto, que non lembraba Laxe, xa que cando saíu de aquí, só tiña tres anos, a súa muller e a súa filla Natasha.

Quen nos ía decir que Natasha visitaría o noso pobo neste verán, e que aínda por riba fose familiar nosa. Despois de Venezuela, trasladaron a súa empresa a Honduras, e alí Alberto coñeceu a Elisa, a nai de Natasha.

O primeiro que fixemos foi presentarlle a Natasha aos nosos amigos e decidimos facerlle un regalo de benvida. Ela comentounos que lle encantaban as mascotas e que sempre quisu ter unha. Cos cartos que tiñamos aforrados, mercámoslle un cachorro na tenda de mascotas, e gustoulle moito. Todos nos fixemos amigos dela, e no tempo que estivo con nós compartimos moitas tardes xogando na praza da vila e tamén na praia, cando facía bo tempo bañabámonos todos xuntos. O que máis lle sorprendía a Natasha, era que notaba moi fría a auga, e sempre tremía de frío nada máis meterse nela.

Foron pasando os días e chegou a derradeira semana do mes de agosto, cando eles marchaban de novo para Honduras e a nós tocábanos comezar de novo á escola. Nesa semana, o meu pai colleu vacacións e visitamos todos xuntos varias vilas da costa, as que máis lle gustaron a Natasha foron Muros e Muxía, que quitamos varias fotos de recordo no santuario da Nosa Señora da Barca.

Pero chegou o día da despedida no aeroporto de Lavacolla en Santiago de Compostela e levamos unha sorpresa. O seu avó Andrés tamén se despediu deles, decidiu quedar a vivir aquí, xa que mercou a casa onde naceu el e máis o noso avó e que xuntos decidiron reformala para convertila nunca casa de turismo rural. Todos choramos porque Natasha e os seus pais marchaban, pero prometámonos que estaríamos en contacto mediante carta. A mediados do mes de novembro, cando xa nos escribíramos varias veces, contándonos cousas, o seu pai Alberto chamou para afirmar que viaxaban a Galicia para non retornar a Honduras, e dende aquela ata hoxe somos moi amigas, Natasha, a miña irmá Sonia, os nosos compañeiros e compañeiras de escola, e outros moitos que



fixemos dende que ela se estableceu aquí con nós. Os seus pais traballan na casa familiar, de turismo rural, e vailles realmente ben.

Está preto da nosa casa, e nesta vila vivimos todos moi felices coma unha gran familia.

Quinto de Educación Primaria